

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 19/2021

SESION ORDINARIA DO 29 DE DECEMBRO DE 2021

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 24 de novembro de 2021.

Mocións:

- 2.** Moción do concelleiro membro non adscrito pola mellora da conexión ferroviaria de Vigo e a súa Área Metropolitana. Rexistro Pleno 3220/1101.
- 3.** Moción do grupo municipal Mixto solicitando o incremento de recursos de políticas destinadas á poboación migrante na Cidade de Vigo. Rexistro Pleno 3217/1101.
- 4.** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno central a máxima transparencia sobre a viabilidade técnica e económica das obras de conexión do AVE entre Vigo e Ourense, a través da variante de Cerdedo. Rexistro Pleno 3223/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia acreditar os criterios a rexer no reparto das subvencións da Comunidade Autónoma en favor das entidades locais e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3228/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a acometer a reforma integral de centros de educación infantil e primaria da cidade de Vigo, aproveitando a chegada dos fondos europeos. Rexistro Pleno 3229/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicos os datos do estudo de análise e diagnose do mapa da soidade de Galicia e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3230/1101.
- 8.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a implantar e financiar, nos mesmos termos que fai con outras cidades da Comunidade Autónoma, unha liña de autobús que conecte o centro de Vigo co Aeroporto. Rexistro Pleno 3231/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 1 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PARTE DE CONTROL

9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 18.11 ao 20.12.2021. Expte. 1120/1102. Rexistro Pleno 3218/1101.
10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 18.11 ao 20.12.2021. Expte. 1121/1102. Rexistro Pleno 3219/1101.
11. **Formulación de rogos.**
12. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa
González Castillo Jesús Marco
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Caballero Álvarez Abél Ramón; Alcalde-Presidente do Concello de Vigo (xustifica a súa ausencia).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e nove de decembro do ano dous mil vinteun, coa Presidencia do Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes



Copia do documento - Concello de Vigo
3257-1101

Data impresión: 28/01/2022 12:55

Páxina 2 de 23

CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

González, Mejías Sacaluga, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Municipal Adxunta, dona Olga Gómez Corbal.

Preside o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia xustificada do Sr. Alcalde, que declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(236). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 24 DE NOVEMBRO DE 2021.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación que a constituíen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 24 de novembro de 2021.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

2.(237). MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO POLA MELLORA DA CONEXIÓN FERROVIARIA DE VIGO E A SÚA ÁREA METROPOLITANA. REXISTRO PLENO 3220/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2021, número 3220/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCION

"POLA MELLORA DA CONEXIÓN FERROVIARIA DE VIGO E A SÚA ÁREA METROPOLITANA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 3 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No actual contexto de emerxencia climática e atendendo o aumento das necesidades de mobilidade, o ferrocarril configurase como a modalidade de transporte máis sustentábel, moderna e eficiente. Non se pode falar de transición enerxética sen unha aposta clara polo ferrocarril que implica que o executivo estatal leve a cabo políticas prácticas e recursos para modernizalo e implantar novos servizos. O transporte de futuro pasa pola rede de camiños de ferro.

No caso da cidade de Vigo e da súa área son importantes e históricos os déficits no que ten a ver coa súa conexión ferroviaria. A recente chegada do AVE a Galiza, case tres décadas despois da súa entrada en funcionamento noutros territorios do Estado e após continuadas dilacións por causa da falla de compromiso dos sucesivos gobernos españois, non resolve estas necesidades. Xa non por ficar pendente a mil v prometida conexión directa de Vigo coa meseta, senón tamén polo impass no que está a estratéxica saída Sur de alta velocidade con Porto e, sobre todo, pola falla de actuacións na rede ferroviaria interna.

A saída Sur fica neste momento pendente da elaboración dun novo estudo informativo, após a caducidade dos anteriores, proceso que non concluirá antes de novembro do vindeiro ano 2022 sen que existan nos orzamentos xerais do Estado, inicialmente aprobados no Congreso, partidas económicas suficientes para impulsar de maneira decidida a súa posta en marcha. Resulta, ademais, moi preocupante que a Comisión Europea teña recollido como horizonte temporal para a entrada en funcionamento da conexión de alta velocidade entre Vigo e Porto o ano 2040. A Saída Sur é unha conexión estratéxica para Vigo e a súa área, e tamén para o conxunto de Galiza, que permitiría reforzar o papel da área viguesa como motor da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal e configuraría a nosa cidade como un nodo ferroviario de primeira magnitude. Contrasta, neste sentido, a aposta decidida que o goberno portugués está a facer en favor deste proxecto coa notábel falla de avances a nivel estatal desde o ano 2007.

Mais para alén da importancia das conexións de longo percorrido, for con Portugal ou coa meseta, os servizos ferroviarios precisan dunha mellora substancial na súa rede convencional e interior. A actual oferta de Media Distancia presenta disfuncións tan graves como que a conexión entre Vigo e Lugo teña un tempo de traxecto de 3h 50 min, fronte as 4h e 15 minutos que se tarda arestora en chegar a Madrid, ou que non exista unha conexión directa entre dúas urbes do Eixo Atlántico como somos Vigo e Ferrol.

Os recortes aplicados nos últimos tempos polo operador ferroviario deixan a cidade con menos conexións das que se precisan para satisfacer a demanda, tal e como teñen denunciado reiteradamente as organizacións sindicais. Un exemplo paradoxal é que o último servizo ferroviario da liña que conecta Vigo coa Coruña conclúa ás 21:35h, cando na meirande parte das cidades cunha densidade poboacional parella á de Vigo servizos ferroviarios finalizan a partir das 23h. A supresión do tren das 6:58 supón tamén unha evidente perda de competitividade e trastornos para as persoas usuarias. Ademais, son continuados os atrasos no tren das 6:40 con partida desde Vigo o que provoca que as persoas que o utilizan para se deslocar aos seus postos de traballo ou centros de estudo, nomeadamente en Compostela ou na Coruña, cheguen continuamente tarde, cos prexuízos que iso supón. Unha situación denunciada polas persoas usuarias, que ten causa na demora na chegada dos trens a Vigo, nas reiteradas avarías, mais tamén nas aglomeracións no control de acceso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 4 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Estas problemáticas están tamén a ser patentes no funcionamento da nova estación Vialia, con amoreamentos e longas esperas para o acceso aos andeis, agravada pola apertura dos establecementos comerciais e unha deficiente ordenación dos espazos destinados a usos estritamente ferroviarios. A modificación de horarios causa da entrada en funcionamento do AVE vén de engadir inda maiores dificultades para a utilización do tren convencional.

É claro que as políticas do Estado coa Galiza en materia de infraestruturas esqueceron impulsar a modernización da rede ferroviaria interna e dotar de servizos adecuados ao noso País. A día de hoxe, na Galiza non existen os servizos de proximidade de Renfe nin nas principais cidades e áreas urbanas, como é o caso de Vigo. Ningún Goberno español soubo explicar até agora esta situación cando existen outras cidades no Estado con 270.000 habitantes e áreas urbanas con apenas 400.000 que si posúen servizos 'cercanías' de Renfe, pero Vigo e a súa área funcional con máis de 500 mil habitantes fican sen ela.

Urxe, xa que logo, a posta en marcha dunha rede tren de proximidade, ou cercanías que vertebre a contorna metropolitana de Vigo e que a conecte polo norte coa área de Pontevedra e polo sur até Tui, para configurar, desta maneira, o tren alternativo real ao transporte por estrada. Infelizmente, non existe un compromiso real por parte do Goberno español nesta materia, como reflicten os orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano 2022.

Outras das cuestións pendentes, e cunha relevancia estratéxica en termos de desenvolvemento produtivo e económico da cidade, é a mellora da conexión ferroviaria da terminal portuaria e coa PLISAN.

Por outra parte, a coexistencia de dúas estacións de tren na cidade, Guixar e Urzaiz precisa dunha mellor conexión por bus urbano entre ambas, nomeadamente desde a perspectiva de que Guixar poida asumir no futuro os servizos ferroviarios de proximidade, para o que cómpre aumentar os servizos actuais e estudar a implantación dunha liña lanzadeira que as conecte de maneira coordinada e con altas frecuencias dos trens.

Avanzar de maneira decidida por unha mellor conexión ferroviaria para Vigo e no conxunto da Galiza, pasa por dotar o noso País dun ente xestor ferroviario propio, o Galtren, que xestione a rede de media distancia e de proximidade, para o que se fai indispensable que a Xunta de Galiza negocie a transferencia a Galiza da xestión da rede ferroviaria interna e licite a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do Ente Ferroviario Galego.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Instar ao Goberno español a:
 - 1.1 Mellorar de maneira substancial a conexión ferroviaria de Media Distancia da cidade de Vigo, aumentando frecuencias, completando as conexións directas con todas as cidades galegas e adecuando os horarios ás necesidades da poboación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 5 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 1.2 Ter un compromiso real e práctico, en termos orzamentarios, que permita a posta en marcha á maior brevidade da Saída Sur de alta velocidade que conecte Vigo e Porto.
- 1.3 Implementar unha rede de cercanías que vertebre a contorna metropolitana de Vigo e que conecte a cidade, polo norte con Pontevedra e polo sur con Tui.
- 1.4 Adoptar as medidas que foren precisas para a mellor organización e funcionamento dos servizos ferroviarios da estación Vialia-Vigo.
- 1.5 Mellorar e ampliar a conexión ferroviaria da terminal portuaria de Vigo e conectar por camiño de ferro a PLISAN.

2 Instar a Xunta de Galiza a:

- 2.1 Negociar co Estado a transferencia das competencias sobre a xestión da rede ferroviaria interna de Galiza.
- 2.2 Licitación a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para creación dun Ente Ferroviario Galego.

3 Instar ao Goberno municipal a mellorar a conexión por bus urbano das dúas estacións de ferrocarril da cidade así como estudar a posta en marcha dunha lanzadeira regular entre ambas.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Procédese á votación por puntos.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 1: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitado o punto número 1 da moción.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 2: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 6 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitado o punto número 2 da moción.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 3: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitado o punto número 3 da moción.

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 23.12.21 (Rex. Nº 3220/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

3.(238). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO O INCREMENTO DE RECURSOS DE POLÍTICAS DESTINADAS Á POBOACIÓN MIGRANTE NA CIDADE DE VIGO. REXISTRO PLENO 3217/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2021, número 3217/1101, os concelleiro/a do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN PARA SOLICITAR O INCREMENTO DE RECURSOS E POLITICAS DESTINADAS A POBOACIÓN MIGRANTE NA CIDADE DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A cidade de Vigo conta con perto de 18.500 persoas estranxeiras censadas, que veñen representar o 6% da cidadanía viguesa. Mais esta non é toda a realidade, xa que, segundo os datos que manexan as asociacións que traballan pola integración das persoas migrantes na nosa cidade, como a Asociación Diversidades, coñecemos que na realidade hai aproximadamente 1000 persoas máis que están en situación irregular.

Dende a Marea de Vigo consideramos que é fundamental contribuír dende o ámbito municipal, como o espazo público máis cercano á veciñanza, para garantir o cumprimento dos dereitos das persoas migrantes así como na súa inclusión na sociedade. O Concello de Vigo ten a capacidade e a potencialidade para promover estes dereitos mediante a toma de determinadas decisións, a promoción da participación, a igualdade de oportunidades e a integración social e laboral a través do desenvolvemento dos servizos municipais comunitarios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 7 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Seguindo os valores recollidos pola Red Acoge, de asociacións e ONGs para o acollemento das persoas migrantes, os valores fundamentais que deben guiar a actuación dos Concellos así como das demais institucións públicas, son:

A acollida das persoas migrantes e/ou refuxiadas que chegan ao noso Concello, atendendo as súas demandas cara á integración na nosa cidade e sociedade.

Defensa da dignidade humana, especialmente naquelas situacións máis vulnerables como é o caso das persoas en situación administrativa irregular, maiormente mulleres e menores de idade.

Compromiso coa igualdade de todos os seres humanos, tanto no exercicio dos dereitos coma no cumprimento dos deberes.

Defensa dun modelo de cidadanía non configurado a partir da nacionalidade que poida conxugar igualdade e diversidade.

Aínda que se trata dunha materia regulada, fundamentalmente, dende o ámbito estatal, existen numerosas medidas que dende o ámbito municipal, o máis concreto e directo, se poden levar a cabo para favorecer a integración das persoas migrantes e a convivencia.

En primeiro lugar, cómpre reforzar os servizos sociais comunitarios, pois, como xa sinalamos en multitude de ocasións, están infradotados e teñen enormes dificultades á hora de orientar ás persoas migrantes no exercicio dos dereitos civís fundamentais: educación, vivenda ou Sanidade.

Nesta liña, é preciso ademais facer un claro chamamento as demais institucións con capacidade para incidir na mellora da situación das persoas migrantes, como é o Goberno do estado e a Xunta de Galicia.

A nosa cidade mellorará no presente e no futuro se favorece a integración social plena da poboación migrante, en condicións de legalidade e de seguridade.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

ACORDOS:

1. O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta a recoñecer como Prioridade, para o proximo período de programación do Fondo Social Europeo, a incorporación de traballadores/as inmigrantes en condicións de legalidade e de seguridade; de xeito que os fondos europeos non recorten o gasto neste ámbito.
2. O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta a incrementar a partida orzamentaria relacionada coas políticas de integración das persoas migrantes, garantindo así os recursos necesarios para a implementación de ferramentas que faciliten a integración das persoas migrantes no ámbito laboral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 8 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a recuperar a Oficina Municipal de Atención ás Persoas Inmigrantes de xeito íntegro coa necesaria atención ao público para que o acompañamento e o asesoramento municipal sexa real e efectivo.
4. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a reforzar o cadro de persoal de servizos sociais adicado á atención de persoas migrantes así como aos programas adicados a migrantes garantindo así personal cualificado e programas concretos orientados a poboación migrante.
5. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á recuperación da figura do Mediador Intercultural Municipal como profesional que pode facilitar a explicación da información burocrática nunha clave cultural comprensible para as persoas migrantes.
6. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno do estado á modificación do Regulamento de Etranxería en base ás propostas da Red Acoge en canto ao acceso ao permiso de residencia tendo un contrato de traballo aínda que a persoa non leve tres anos de residencia así como á flexibilización das características do devandito contrato de traballo en canto a súa duración e xornada (actualmente debe ter a duración dun ano e ser en xornada completa)."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado ao Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 22.12.21 (Rex. Nº 3217/1101), polos concelleiro/a do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

4.(239). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A MÁXIMA TRANSPARENCIA SOBRE A VIABILIDADE TÉCNICA E ECONÓMICA DAS OBRAS DE CONEXIÓN DO AVE ENTRE VIGO E OURENSE, A TRAVÉS DA VARIANTE DE CERDEDO. REXISTRO PLENO 3223/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 9 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2021, número 3223/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A planificación de infraestruturas ferroviarias en Galicia ten entras súas actuacións máis destacadas o desenvolvemento dunha liña de alta velocidade de conexión directa entre Ourense e Vigo a través da coñecida como ‘Variante por Cerdedo’. O Goberno de España anunciou no ano 2019 a realización dun estudo hidroxeolóxico sobre esa infraestrutura, con 36 meses de prazo, como un requisito imprescindible para a súa tramitación. O pasado mes de xuño de 2021, altos cargos do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana presentaron en Vigo os resultados preliminares dese estudo avanzando xa a viabilidade do trazado do AVE por Cerdedo.

Sen embargo, O BOE do pasado día 27 de novembro de 2021 ven de publicar o anuncio da Dirección Xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria polo que se somete a información pública a Estratexia Indicativa de desenvolvemento, mantemento e renovación das infraestruturas ferroviarias integrantes da Rede Ferroviaria de Interese Xeral. A estratexia estima uns investimentos en desenvolvemento e renovación das infraestruturas duns 24.200 M€ no período 2021-2026, pero entre as actuacións non se menciona o trazado directo a Vigo.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vigo presenta a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno do Concello de Vigo insta ao goberno central a:

A máxima transparencia sobre a viabilidade técnica e económica das obras da conexión de AVE entre Vigo e Ourense a través da variante de Cerdedo.

O establecemento dun cronograma que detalle a execución das obras que permitan acometer a conexión entre Vigo e Ourense por alta velocidade a través da variante de Cerdedo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, a abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinteun votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo
3257-1101

Data impresión: 28/01/2022 12:55

Páxina 10 de 23

CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, co-responsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto Local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

É dicir, novamente todas as entidades locais reiteramos a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se aborde o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante as derradeiras lexislaturas a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñen achegado o financiamento necesario para poder desenvolvelas.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a:

- Acreditar documentalmente os criterios que teñen que rexer o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, que garantan a igualdade de acceso mediante convocatorias públicas ás que poidan concorrer nas mesmas condicións todos os concellos galegos.
- Eliminar todas aquelas convocatorias de subvencións e axudas que se concedan en concorrencia non competitiva, é dicir, por orde de chegada as solicitudes.
- Garantir que todas as subvencións convocadas pola Administración autonómica dirixidas a concellos sexan en réxime de concorrencia competitiva, con criterios públicos, claros, obxectivos e avaliábeis, e nunca condicionadas a actuacións dos concellos que atenten contra a propia autonomía local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 12 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Atópase ausente o segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, presidindo a terceira Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.21 (Rex. Nº 3228/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Álvarez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

6.(241). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETER A REFORMA INTEGRAL DE CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DA CIDADE DE VIGO, APROVEITANDO A CHEGADA DOS FONDOS EUROPEOS. REXISTRO PLENO 3229/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2021, número 3229/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A educación é un pilar fundamental no desenvolvemento das persoas a tódolos niveis; é por iso que as condicións nas que se dea sexan fundamentais.

A maior parte dos centros públicos de educación infantil e primaria da nosa cidade foron construídos entre 1970 e 1980. Falamos dunhas instalacións educativas de máis de 50 anos.

Son moitos os centros educativos que se dirixen á Xunta de Galicia reclamando inversións e melloras nas súas instalacións. Ante a pasividade da Consellería de Educación, as direccións dos centros e as ANPAS acoden ao Concello de Vigo para que sexan atendidas as súas demandas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 13 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Nos últimos anos están a aumentar os problemas en diversos aspectos como aseos, patios escolares, cubertas de pavillóns, chans das aulas, pistas polideportivas, illamento, eficiencia enerxética,electricidade, fontanería, calefaccións, ...

Este goberno leva anos reclamando á Xunta de Galicia a necesidade da reforma integral de moitos CEIP da nosa cidade e seguiremos insistindo ata que se atendan as nosas demandas.

A chegada de fondos europeos ás CC.AA. son unha fantástica oportunidade para que a Xunta asuma a reforma, modernización e mellora das instalacións dos centros públicos de infantil e primaria, para garantir unhas instalacións dignas e axeitadas para a mellora da calidade educativa.

Estamos ante unha gran ocasión para acometer esas reformas integrais dos edificios de titularidade pública que se recolle no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no referente á rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana. Unhas reformas que buscan a modernización dos equipamentos públicos e a mellora da súa eficiencia enerxética.

A Xunta de Galicia está a recibir, e recibirá centos de millóns de euros do goberno de España, e non pode deixar pasar esta oportunidade histórica para atender as demandas dos centros educativos da nosa cidade

Esperemos que a Xunta de Galicia atenda, por fin, as demandas da comunidade educativa, asuma as súas competencias e deixe de maltratar á educación pública da primeira cidade de Galicia.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia acometer a reforma integral de centros de educación infantil e primaria da Cidade de Vigo aproveitando a chegada dos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 14 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.21 (Rex. Nº 3229/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(242). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FACER PÚBLICOS OS DATOS DO ESTUDO DE ANÁLISE E DIAGNOSE DO MAPA DA SOIDADE DE GALICIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 3230/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2021, número 3230/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Galicia é unha das rexións de Europa cun maior número de persoas maiores. Os datos do IGE reflicten unha tendencia que se ten demostrado imparable durante os últimos anos. No ano 2021, Galicia volveu rexistrar un novo máximo de envellecemento , cun incremento de 5,1 puntos respecto ao ano anterior, acadando un 207,3% de taxa de envellecemento. Sitúase así como a segunda Comunidade Autónoma con maior índice de envellecemento de España. Isto quere dicir, que en Galicia hai 207 maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16 anos.

Podemos sinalar como causas desta crecente soidade non desexada, o aumento dos fogares unipersoais e os novos tipos de familias, o descenso da natalidade, o paro e a precariedade laboral no emprego.

En Galicia, case 280.000 persoas viven soas segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE). Esta cifra implica que algo máis dun 10% da poboación galega vive soa. Os problemas derivados desta cuestión xorden cando a soidade non é desexada polas persoas. O problema non só é unha cuestión que afecta ás persoas maiores, pero ben é certo que 126.000 dos fogares unipersoais corresponden a persoas maiores de 65 anos. E a maior parte dos mesmos están formados por mulleres.

Vigo, non é allea a estas estatísticas. Case 70.000 persoas en Vigo teñen máis de 65 anos, das que máis de 15.000 viven soas na cidade. Vigo conta con 19.719 persoas maiores de 80 anos e nesta franxa increméntase notablemente a porcentaxe de mulleres. A protección social das persoas maiores da cidade de Vigo é unha prioridade do goberno municipal, porque xunto co envellecemento da poboación da cidade hai que ter en conta, ademais, a forma de convivencia e as diferentes modalidades de familia que teñen cristalizado nos últimos anos. De aí que o Concello de Vigo adique unha gran parte do seu presuposto á atención das persoas maiores e, especialmente, as que viven soas ou necesitan socializar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 15 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conflúen dous elementos importantes que hai que ter en conta: a composición dos fogares (incrementáanse cada vez máis os fogares unipersoais) e o recurso ó apoio familiar, que cada vez faise máis complexo.

Polo tanto, a estrutura de idade de poboación da cidade, a súa previsible proxección futura, xunto cos cambios nos modelos de fogares e a crecente escaseza de apoios familiares, obrigan a planificar un modelo de atención ás persoas maiores e a reformular as políticas públicas e de acción do goberno municipal.

Os efectos da pandemia e do illamento derivado das restricións teñen aflorado unha verdade silenciada de soidade non desexada, de problemas de saúde mental, de necesidades básicas de atención psicolóxica e psiquiátrica. A situación de pandemia deu conta das carencias estruturais da atención ás persoas maiores e dependentes das políticas nefastas do goberno do PP de Feijóo durante os últimos 12 anos. Esta realidade é a que viven, afrontan e solucionan, cada día, os Concellos.

Hai máis de dous anos que a Xunta de Galicia (despois de 10 anos de inacción) anunciou un plan de actuación destinado ás persoas en situación de soidade non desexada. Anunciouse tamén que se crearía unha rede social de apoio en colaboración coas entidades sociais e cos municipios. En abril de 2021 o Sr. Feijoo anunciou que en “uns días” se aprobaría a Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada”. Seguimos á espera, e as persoas que viven en soidade non desexada están a sufrir os efectos da pandemia e das restricións, agravando os seus problemas de illamento social e soidade e non poden seguir esperando nin poden vivir dos anuncios de propaganda do Goberno do PP.

Unha vez máis teñen que ser os Concellos os que dean un paso a fronte, como o Concello de Vigo que non só ten en marcha numerosos programas dirixidos aos colectivos de persoas maiores que viven soas, senón que segue a innovar e a traballar neste ámbito con novos programas e servizos.

Pero os Concellos, e tampouco o de Vigo, poden seguir a traballar orfos, en soidade, coa ausencia absoluta da Xunta de Galicia -no ámbito das súas competencias- en materia de atención ás persoas maiores e, especialmente, as que viven soas.

Por iso, dende o grupo municipal socialista consideramos urxente que a Xunta cumpra os compromisos e os anuncios realizados hai máis de dous anos de acometer un Plan Estratéxico de Atención á Soidade non Desexada de forma consensuada cos Concellos, coa dotación orzamentaria axeitada e coas transferencias aos municipios que teñan que aplicar as ditas medidas de atención.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a facer públicos os datos do estudo de análise e diagnose do mapa da soidade de Galicia que se comprometeu a realizar tras acordo en sede parlamentaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 16 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Instar a Xunta de Galicia a aprobar con urxencia o tan reiteradamente anunciado Plan Galego para a Soidade non Desexeda, con memoria económica detallada e plan anual de actuación, así como estratexia de colaboración cos Concellos. “

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Atópanse ausentes as concelleiras, Sra. Rodríguez Calviño e Sra. López Roman e o concelleiro Sr. Rivas González.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.21 (Rex. Nº 3230/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(243). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPLANTAR E FINANCIAR, NOS MESMOS TERMOS QUE FAI CON OUTRAS CIDADES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, UNHA LIÑA DE AUTOBÚS QUE CONECTE O CENTRO DE VIGO CO AEROPORTO. REXISTRO PLENO 3231/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2021, número 3231/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A comunicación das persoas, familias e empresas de Vigo e da súa área de influencia co resto do Estado a través de transporte público é unha cuestión de indubidable interese público e de carácter, incluso, intermunicipal. Na situación actual o certo é que o medio de comunicación máis rápido para os cidadáns da provincia de Pontevedra é o aeroporto de Vigo.

Do mesmo xeito, para os case que 300.000 habitantes de Vigo o avión con Madrid, Barcelona, Canarias e as demais conexións aéreas do Aeroporto de Vigo é o principal medio de transporte público para a comunicación co resto do Estado. Por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 17 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

outra banda, os avións que aterran ou despegan dende Peinador teñen unha ocupación superior ao 90 por cento en cada voo, polo que existe un fluxo de máis de 200 persoas por cada avión.

Esta ocupación xera unha demanda potencial de usuarios do transporte público colectivo de viaxeiros por estrada que, ademais, tamén permitiría diminuír a pegada de carbono causada polos desprazamentos en vehículos individuais ao aeroporto. A existencia dunha liña que conecte a cidade de Vigo, a través da Autoestrada Vigo-Baiona co aeroporto e, eventualmente, con outras localidades da área é un servizo público necesario. Neste sentido, dende a nova estación de Vigo situada ao pé dunha área comercial de grande afluencia de persoas e no pleno centro da cidade é preciso contar cunha liña que conecte esta parte da cidade, e outras, co aeroporto de Vigo para conseguir tanto unha redución do tráfico individual como unha maior intermodalidade.

A Xunta de Galicia apoia ás liñas de transporte, por medio de autobús, que existen noutras cidades de Galicia co seu aeroporto. É, por iso, de xustiza que a cidade máis poboada de Galicia conte cunha liña de transporte público ao seu aeroporto de referencia.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a implantar e financiar, nos mesmos termos que fai con outras cidades da Comunidade Autónoma, unha liña de autobús que conecte o centro de Vigo co Aeroporto de Vigo."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Atópanse ausentes as concelleiras, Sra. Rodríguez Calviño, Sra. López Roman e Sra. Aguiar Castro.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.21 (Rex. Nº 3231/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 18 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PARTE DE CONTROL

9.(244). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 18.11 AO 20.12.2021. EXPTE. 1120/1102. REXISTRO PLENO 3218/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 18.11.21 ao 20.12.21) incluídas no expediente 1120/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

10.(245). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 18.11 AO 20.12.2021. EXPTE. 1121/1102. REXISTRO PLENO 3219/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 18.11.21 ao 20.12.21) incluídas no expediente 1121/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

11.(246). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que o Goberno municipal se dirixa á Xunta de Galicia para instar o inicio dun proceso de negociación que permita a incorporación da cidade no denominado Plan de Transporte Metropolitano de Vigo.

12.(247). Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sra. Méndez Fuentes. Que o Goberno local esixa á Xunta de Galicia un reforzo sólido e permanente da Atención Primaria diante do desmantelamento absoluto da Sanidade Pública que estamos vivindo.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

13.(248). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Que motiva que o servizo de bus urbano, unha vez suspendida a folga, non teña recuperado completamente os seus servizos ordinarios?.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 19 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:11:41 - Pérez Correa, Rubén
00:16:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:17:00 - Marnotes González, Jose Alfonso
00:21:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:22:05 - Losada Alvarez, Abel Fermín
00:27:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:27:10 - Pérez Iglesias, Xabier
00:28:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:28:21 - Marnotes González, Jose Alfonso
00:28:25 - Pérez Iglesias, Xabier
00:28:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:28:33 - Marnotes González, Jose Alfonso
00:28:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:28:51 - Marnotes González, Jose Alfonso
00:28:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:29:47 - Punto 1 da moción
00:30:09 - Punto 2 da moción
00:30:29 - Punto 3 da moción
- 00:30:44 : 3. Moción do grupo municipal Mixto solicitando o incremento de recursos de políticas destinadas á poboación migrante na Cidade de Vigo. Rexistro Pleno 3217/1101.
- 00:31:03 - Méndez Fuentes, Oriana
00:36:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:36:24 - Pérez Iglesias, Xabier
00:38:28 - Marnotes González, Jose Alfonso
00:38:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:38:41 - Lopez Roman, Patricia
00:43:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:43:54 - Aguiar Castro, Yolanda
00:49:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:49:15 - Méndez Fuentes, Oriana
00:52:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:52:45 - Votación [10:02:12]
- 00:53:06 : 4. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno central a máxima transparencia sobre a viabilidade técnica e económica das obras de conexión do AVE entre Vigo e Ourense, a través da variante de Cerdedo. Rexistro Pleno 3223/1101.
- 00:53:29 - Marnotes González, Jose Alfonso
00:58:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:58:40 - Pérez Iglesias, Xabier
01:00:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:00:57 - Pérez Correa, Rubén
01:05:50 - Losada Alvarez, Abel Fermín
01:10:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:11:04 - Marnotes González, Jose Alfonso
01:12:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:12:11 - Marnotes González, Jose Alfonso
01:14:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:14:45 - Votación [10:23:57]
- 01:15:09 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia acreditar os criterios a rexer no reparto das subvencións da Comunidade Autónoma en favor das entidades locais e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3228/1101.
- 01:15:27 - Losada Alvarez, Abel Fermín
01:21:18 - Espinosa Mangana, Elena
01:21:22 - Pérez Iglesias, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 21 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:23:33 - Espinosa Mangana, Elena
01:23:40 - Pérez Correa, Rubén
01:28:15 - Espinosa Mangana, Elena
01:28:19 - Marnotes González, Jose Alfonso
01:33:28 - Espinosa Mangana, Elena
01:33:34 - Losada Alvarez, Abel Fermín
01:36:40 - Espinosa Mangana, Elena
01:36:49 - Votación [10:46:20]
- 01:37:07 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a acometer a reforma integral de centros de educación infantil e primaria da cidade de Vigo, aproveitando a chegada dos fondos europeos. Rexistro Pleno 3229/1101.
- 01:37:27 - Gomez Díaz, Gorka
01:42:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:42:36 - Pérez Iglesias, Xabier
01:44:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:45:00 - Méndez Fuentes, Oriana
01:49:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:49:03 - Marnotes González, Jose Alfonso
01:53:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:53:04 - Gomez Díaz, Gorka
01:56:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:56:29 - Votación [11:05:51]
- 01:56:43 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicos os datos do estudo de análise e diagnose do mapa da soidade de Galicia e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3230/1101.
- 01:56:59 - Aguiar Castro, Yolanda
02:02:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:02:17 - Pérez Iglesias, Xabier
02:03:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:03:19 - Pérez Iglesias, Xabier
02:03:21 - Pérez Iglesias, Xabier
02:04:15 - Problema tecnico --
02:09:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:14:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:17:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:17:26 - Pérez Iglesias, Xabier
02:19:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:20:15 - Méndez Fuentes, Oriana
02:24:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:24:52 - Marnotes González, Jose Alfonso
02:29:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:30:08 - Aguiar Castro, Yolanda
02:33:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:33:38 - Votación [11:42:58]
- 02:34:21 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a implantar e financiar, nos mesmos termos que fai con outras cidades da Comunidade Autónoma, unha liña de autobús que conecte o centro de Vigo co Aeroporto. Rexistro Pleno 3231/1101.
- 02:34:49 - Aneiros Pereira, Jaime
02:39:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:39:19 - Pérez Iglesias, Xabier
02:41:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:41:31 - Pérez Correa, Rubén
02:44:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:45:03 - Marnotes González, Jose Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo
3257-1101

Data impresión: 28/01/2022 12:55 Páxina 22 de 23
CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 02:50:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:50:13 - Aneiros Pereira, Jaime
02:53:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:53:47 - Votación [12:03:06]
- 02:54:05 : 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 18.11 ao 20.12.2021. Expte. 1120/1102. Rexistro Pleno 3218/110
- 02:54:17 : 10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 18.11 ao 20.12.2021. Expte. 1121/1102. Rexistro Pleno 3219/1101.
- 02:54:28 : 11. Formulación de rogos.
02:54:32 - Pérez Iglesias, Xabier
02:54:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:54:51 - Méndez Fuentes, Oriana
02:55:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:55:08 : 12. Formulación de preguntas.
02:55:12 - Pérez Iglesias, Xabier
02:55:22 - Caballero Álvarez, Abel
02:55:27 - Pérez Correa, Rubén
02:55:37 - Marnotes González, Jose Alfonso
02:55:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:56:26 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e cinco minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 19/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.
am.

A PRESIDENCIA
Javier Pardo Espiñeira
Elena Espinosa Mangana

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 23 de 23
3257-1101	CSV: A9ACA4-35C344-BBBCD8-X816R7-JS4PZ7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		